

Soños de altermundo

Manoel Santos

O egoísmo innato do home, como especie e como xénero, dividiu o planeta sempre en dous, e con el a humanidade. Ao resultado chamoulle mundo. Norte e sur, fieis e pagáns, nobres e plebeos, homes e mulleres, esquerda e dereita, oriente e occidente, capitalismo e socialismo, ricos e pobres, etc.

Xurdido hai aproximadamente unha década, hai quen di que movemento altermundista, en orixe chamado antiglobalización, é o primeiro na historia que adquire conciencia global de que algo ten que cambiar no orbe, de que hai que darlle unha reviravolta a esta tolería á que chaman globalización neoliberal e na que o libre mercado e o capital prevalecen sobre o social, o cultural, o político, o ambiental e sobre a vida mesma. Dotado dunha increíble heteroxeneidade de ideas –moitas incluso opostas entre elas– e colectivos (sindicatos, agrupacións de mulleres, xentes sen terra, comunidades indíxenas, ecoloxistas, obreiros, intelectuais, labregos, pescadores...), a meirande parte deixa nun lugar secundario as súas reivindicacións para se centrar na tarefa de derrotar a un adversario común ao que chaman neoliberalismo.

Porén, non é isto o máis novo, senón que tras unha primeira etapa de protesta e toma de conciencia –de acción global– este xigantesco movemento social foi evolucionando tamén cara a análise do problema, cara a formulación de propostas alternativas ao modelo ultracapitalista imperante e cara a procura dun mecanismo de acción para dar conta delas. Amais, e como di Carlos Taibo, “grazas a eles perfíláronse, se cadra por primeira vez na historia, xenuínas redes transnacionais nas que se dan cita, con afortunada primacía das segundas, xentes do norte e do sur”.

Todos á xunta soñan cun altermundo, cunha utopía que tocan coas mans, e están a transformar o ambiente ideolóxico do planeta. Son o movemento de movementos e cren firmemente que “outro mundo é posible”.

1. A globalización neoliberal e os seus efectos

As dimensións alcanzadas polo movemento altermundista en tan pouco tempo só se explican pola entidade do seu adversario e os efectos devastadores que orixinou. Se milleiros de activistas, intelectuais, economistas, filósofos, xornalistas, sociólogos, científicos, ou mesmo políticos, que dun xeito ou doutro representan o laído de millóns de persoas, deciden organizarse –cando menos ideoloxicamente– para facer fronte á globalización neoliberal é por mor do seu fracaso. Este proceso, fundamentalmente económico, pero tamén social, ideolóxico e político de xeito indirecto, non foi quen de dar resposta ás necesidades máis básicas da meirande parte

dos habitantes do planeta. Pola contra, a imposición mundial do capitalismo baixo o seu disfrace máis bárbaro xerou máis desigualdade social, máis destrución ambiental, máis desprezo polos dereitos humanos e a diversidade cultural, máis inseguridade e unha fenda insalvable entre o centro e a periferia do sistema. E a fenda medra acotío, tanto no interior do mundo industrializado, entre os seus centros e periferias intrínsecas, coma entre este e os países en desenvolvemento (PED) ou, como se di a pé de rúa, entre o norte e o sur.

Trátase, segundo Ignacio Ramonet, dunha nova era de conquista similar á dos descubrimentos e a colonización, mais desta vez non son os Estados, senón as empresas e os grupos industriais e financeiros os que se propoñen dominar o mundo. Non se aspira tanto a conquistar países como a conquistar mercados, aínda que ás veces unha cousa implique a outra.

1.1. O neoliberalismo como doutrina económica

Os que compoñen o Movemento pola Xustiza Global entenderon hai tempo que deben estudar aos ricos e poderosos e non aos pobres e aos que carecen de poder para achegarse a ese outro mundo posible. Vaia, que é fundamental coñecer ben ao adversario antes de adoptar calquera acción correctiva.

Como di Noam Chomsky, no sentido estrito globalización –ou mundialización– significa integración internacional. Ninguén cun mínimo de xuízo se oporía á globalización. Os seus defensores falan dela coma dun sistema económico que integrará a todos os seres humanos nunha harmonía que traerá a paz ao mundo e que vai rematar coas desigualdades. Podería ser así, mais o xeito de levala adiante, ese que se dá en chamar neoliberal, vai camiño de rematar, se non o fixo xa, en todo o contrario. Hai autores que consideran que o termo globalización, ou máis ben o seu emprego e promoción, foi argallado a principios da década de 1990 simplemente para contrarrestar a imaxe negativa de palabras como imperialismo e capitalismo e, de feito, este troco é clave para que a nova orde mundial fora asumida tamén polos partidos socialdemócratas e outros máis esquerdistas. O feito de que os referentes políticos sociais foran engulidos por un alarmante proceso de desarmamento ideolóxico pode ser un dos detonantes do estoupido altermundista, da sociedade civil, que paradoxalmente semella divorciarse definitivamente dos partidos e dos aparatos de Estado coma se estes non foran institucións civís.

A globalización, ao contrario que o neoliberalismo, non é un fenómeno novo na historia. Que outra cousa foron senón as ansias expansionistas do colonialismo? Karl Marx xa fixera referencia á mundialización do capitalismo a mediados do século XIX, en plena Idade de Ouro do liberalismo clásico, no que o mercado xa se impoñía como elemento regulador da sociedade. O fracaso deste, derrotado como doutrina económica en 1929 e rematado coas guerras mundiais e o sangue de millóns de persoas, debía dar paso a outro modelo, que se comezou a xestar ben cedo pero

que durante un tempo viu freada a súa globalización pola existencia dos dous bloques sociomilitares en que quedou dividido o mundo.

As orixes do neoliberalismo hai que buscalas nos acordos de Bretton Woods, pouco antes de rematar a II Guerra Mundial, polos que se crean o BM (Banco Mundial) e o FMI (Fondo Monetario Internacional), e con eles o novo Sistema Monetario Internacional cos EUA (Estados Unidos de América) no centro, por mor do dólar convertible en ouro que servirá de referencia para as finanzas mundiais.

Máis importante para estruturar este maquiavélico proceso foi se cadra o GATT (Acordo Xeral sobre as Taxas Alfandegueiras e o Comercio) que, asinado por unha vintena de países en 1947, tiña como obxectivo instaurar novos regulamentos liberais minguando dereitos alfandegueiros e outras restricións ao comercio. Foi o precursor da OMC (Organización Mundial do Comercio), que a reemprazaría en 1995, unha vez asinados os acordos da Rolda de Uruguai, para evitar conflitos comerciais entre os Estados. Amais dos produtos industriais e a agricultura, entran no mercado os chamados servizos (saúde, cultura, educación...).

A crise do petróleo de 1973, na que Nixon suprime unilateralmente a convertibilidade do dólar en ouro, abre unha xeira de inestabilidade monetaria na que o Departamento do Tesouro dos EUA ordena e manda; e na que os Estados irán perdendo poder fronte aos mercados financeiros, que van aos poucos derrubando barreiras para os movementos de capital.

Mais a globalización neoliberal –ou ultraliberal, pois sobrepasa os límites do liberalismo clásico–, esta nova fase imperial que dirixen xa sen miramentos as empresas e que impulsan as finanzas, comeza na década de 1980 coa chegada ao poder de Margaret Thatcher e Ronald Reagan e se consolida a principios da de 1990, logo da caída do muro de Berlín e a morte da URSS. Camiño libre.

Neste intre é tamén fundamental a revolución das comunicacións, que propicia a aparición dunha especie de *economía virtual* na que por cables e ondas de satélite circulan os capitais, se arranxan contas, se ocultan perdas e se agachan beneficios en paraísos fiscais, xurdindo mesmo empresas que non existen fisicamente, que non teñen nin fábricas, nin oficinas, nin sequera traballadores.

Entramos entón no que triunfalistas como Francis Fukuyama chamaron o fin da historia. A única alternativa posible era o neoliberalismo e a idea de democracia de Occidente (pensamento único). Abríase unha etapa de liberalización absoluta dos movementos de capitais, de pura especulación na que a economía real semella desaparecer e na que a produtividade pasaba a ter un papel secundario diante da rendibilidade do capital. A empresa non é tan importante, senón o que valen as súas accións, polo que, como indica Xosé M. Beiras, se pasa dun modelo de capitalismo relativamente regulado a outro de capitalismo salvaxe. O importante é o capital diñeiro e non o capital humano.

Todo este conxunto de políticas, coñecido como CW (Consenso de Washington), funcionan coa imposición da hexemonía absoluta da economía sobre o resto de dominios sociais e co mercado como man invisible capaz de corraxir calque-

ra tipo de disfunción social. A mundialización chega co librecurso sen límites, coa disciplina fiscal, coa liberalización das taxas de interese, coa privatización das empresas públicas, cos desregulamentos dos mercados de traballo e das normas de protección ambiental...

ATTAC (Asociación para a Taxación das Transaccións Financeiras de Axuda aos Cidadáns), unha das organizacións máis salientables do universo altermundista, resúmeo así: “A liberdade total de circulación de capitais, os *paraísos fiscais* e a explosión do volume de transaccións arrastran aos gobernos a unha carreira para gañar o favor dos grandes inversores privados. En nome do *progreso*, preto de dous billóns de dólares van e veñen cada día na procura dunha ganancia rápida, á marxe da economía produtiva. A globalización financeira agrava os desequilibrios e inseguridade sociais, e menoscaba as opinións dos pobos, ao limitar os controis que corresponden ás súas institucións representativas e á maioría dos Estados, responsables de defender o ben común. Os ditos controis son substituídos por lóxicas estritamente especulativas que só expresan o interese das transnacionais nos mercados de capital, aspirando estes a constituír unha especie de goberno financeiro mundial”.

1.2. O estado do mundo no que nace a alterglobalización

Eduardo Galeano compara a economía mundial co crime organizado. Non esaxera. Os resultados da aplicación do CW, ensaiado por vez primeira no Chile de Pinochet, non se corresponden co paraíso terreal que nos venden os seus defensores nin de lonxe. Baixo a ditadura neoliberal se instaura a sociedade do 20/80, cunha unha lei non escrita pola que o 20% da poboación debe ter o 80% da riqueza. En 1960 o 20% da poboación mundial dos países ricos tiña uns ingresos 30 veces superiores á poboación do 20% dos máis pobres. En 1995, 82 veces superiores. Un estadounidense era 38 veces máis rico cun tanzano en 1990, hoxe 61 veces.

Máis que globalización prodúcese todo o contrario, unha concentración da riqueza nunhas poucas de mans: as 10 compañías máis importantes en telecomunicacións controlan o 86% dese mercado mundial, os 10 produtores de insecticidas o 85% e os 10 de ordenadores o 70%. Neste contexto son as empresas as únicas beneficiadas. O capital vence á humanidade e as transnacionais pasan por riba dos Estados e, xa que logo dos seus habitantes. Así, das 100 economías máis grandes do mundo 52 xa non son países, senón corporacións. ExxonMobil vale máis que Paquistán e General Motors, que Alxeria ou Perú. E lóxicamente estas transnacionais son dirixidas dende países da Tríade –Unión Europea (UE), EUA, Xapón e satélites como Australia ou Canadá–, que controlan o 75% dos intercambios comerciais planetarios.

As desigualdades son pois cada día máis xigantescas, tanto entre o norte e o sur do planeta coma no interior dos Estados, incluíndo os da UE e os EUA, que amorean alarmantes bolsas de pobreza, desemprego, degradación ambiental, perda

de coberturas sociais... nun meteórico proceso que xa se coñece como a tercermundización das cidades occidentais. O soño americano hoxe é imposible para máis de 38 millóns de persoas, que son as que nos EUA viven baixo a liña da pobreza.

Con esta tesitura é dificilmente crible que as políticas neoliberais estean, como din, a sacar á xente da pobreza. Isto constátase co pulo dos tigres asiáticos, como Corea, Singapur ou China, que serven de exemplo aos gurús globalófilos pero falsamente, xa que empregan políticas moi afastadas das do CW.

O Informe sobre o Desenvolvemento Humano 2005 advirte que de manterse as actuais tendencias a humanidade está moi lonxe de cumprir os Obxectivos do Milenio en 2015. Malia que houbo lixeiros avances na redución da pobreza extrema (do 28% ao 21% da poboación dende 1990) a fenda entre ricos e pobres medra, o que se traduce realmente en máis pobreza. O Índice de Desenvolvemento Humano, que se calcula medindo a esperanza de vida, a mortalidade infantil, as taxas de escolarización e alfabetización e o PIB por habitante, é hoxe máis baixo que hai tres lustros en vinte países. Hogano o 40% da poboación mundial vive na extrema pobreza. Uns 1.000 millóns con menos dun dólar diario e 1.500 con menos de dous. Uns 850 millóns de cativos –un de cada tres– sofren malnutrición e hai 1.000 millóns de persoas sen acceso á auga potable, de xeito que acotío morren 3.900 pícaros por infeccións derivadas da insalubridade da auga.

Nesta espiral de morte quen leva máis as de perder é África, onde 38 millóns de persoas están infectadas por unha SIDA que non poden combater porque non se lles permite o acceso aos antiretrovirais patentados polas transnacionais. O continente negro leva como compañeiras de viaxe a Latinoamérica, gran parte de Asia e uns novos viaxeiros, os das ex-repúblicas soviéticas, onde a esperanza de vida era de 70 anos en 1980 e de 59 na actualidade.

E o máis doloroso é que hoxe sobran recursos e tecnoloxía para rematar con esta barbarie. Por exemplo, con só o 1% do patrimonio das 200 empresas máis ricas do planeta financiaríase a educación primaria de todos os nenos do mundo. Pero non acontece, porque malia que os defensores da globalización afirman que esta xerou un alude de inversións cara os países máis pobres, o certo é que estes van sempre a parar a estados rendibles –África subsahariana recibe menos do 5% destes fluxos–, que devolven o diñeiro de inmediato por outras vías como as da débeda, o custe humano da explotación laboral de menores e a sangría da emigración desesperada, á que os países do norte, contrariamente que ao capital, pechan as portas.

1.3. Exterminando culturas, esnaquizando o planeta

O estado da humanidade logo de dúas décadas de globalización capitalista non avala pois a suposta benignidade do proceso, que amais de esganar economicamente aos pobos e de socavar a súa soberanía, condena a moitos á desaparición. Se de algo se vale a globalización económica para se impor é dun imperialismo cultural

sen precedentes. Este intenta uniformizar as formas culturais –tomando como imaxe o consumismo norteamericano– e de paso as necesidades da poboación, que se moldean segundo o que precisen vender as empresas. A mafia dos cultivos transxénicos, que controlan unhas poucas transnacionais que obrigan aos labregos a depender delas de por vida abandonando os seus xeitos de produción tradicionais, e a concentración dos medios de comunicación como mecanismo de control, engano e manipulación, son bos exemplos da unidireccionalidade do chamado pensamento único.

Pero o efecto máis catastrófico do ultraliberalismo o sofre o planeta en si. Nos últimos anos a destrución de ecosistemas e a redución da biodiversidade acelerouse ata límites insostibles. A concepción do mundo tan só dende a perspectiva económica semella hoxe máis ca nunca incompatible coa sustentabilidade do ambiente, sobre todo nos países do sur, castigados co custe ambiental da xeración de riqueza do norte.

Deste xeito, as comunidades periféricas ven como os seus ecosistemas morren aos poucos. O 75% das pesqueiras mariñas está esgotado pola sobrepesca; a corta indiscriminada e ilegal reduciu até a metade a cuberta forestal mundial; o 65% das terras de cultivo presentan graves niveis de degradación do solo. A isto hai que engadir o medrar continuo da explotación das materias primas; a biopiratería, que *mete* no mercado recursos xenéticos xestados pola natureza durante miles de anos; o traslado de refugallos tóxicos xerados no norte ao sur, a países onde se impoñen desregulamentos; e os problemas globais por todos coñecidos, como o cambio climático –coa negativa dos EUA a ratificar o Protocolo de Quioto–, a desertización, a destrución do litoral pola especulación urbanística ou a extinción masiva de especies –5.000 veces superior á natural. Todas e cada unha destas eivas planetarias teñen que ver coas actividades humanas, cunha terrible contradición entre economía e ecoloxía que fai desta cuestión a nai de todas as batallas, por canto é a vida na Terra a que está en xogo.

1.4. Os actores da globalización neoliberal

O movemento altermundista identifica como os principais responsables da globalización neoliberal a unha serie de actores públicos: institucións mundiais como a OMC, BM, FMI, OCDE (Organización para a Cooperación e Desenvolvemento) e G-8; e outros privados: transnacionais e galaxias financeiras (compañías de seguros, fondos de pensións, axencias de bolsa). Os primeiros son os brazos executores dos grupos de presión que forman os segundos, en que voces se oen con forza en foros propagandísticos como o de Davos ou no escuro Club Bilderberg, unha especie de xuntanza secreta de donos de empresas, xefes de estado e mesmo casas reais que xogan, literalmente, a ser os amos do mundo. Fagamos un repaso:

FMI e BM. Susan George defíneos como os terribles xemelgos, xa que as súas competencias se mesturan ou complementan. O FMI foi creado para facer prés-

tamos urxentes a países que non podían controlar as súas balanzas de pagamentos. Os cartos devolveríanse unha vez superados os problemas. Actualmente está formado por 184 estados membros. O BM, que ten os mesmos membros, creouse para axudar á reconstrución de Europa despois da II Guerra Mundial mediante créditos, aínda que unha vez rematada a súa función seguiu a facer empréstitos aos países pobres. Teoricamente son institucións democráticas, nas que as decisións se toman por votación. Ora ben, a realidade é que os países que máis cartos achegan teñen máis poder, pois impera a máxima de *un dólar, un voto*, con algunhas variantes no caso do FMI.

Para os altermundistas estas institucións son as principais responsables da débeda dos PED. A función para a que foron concibidos ultrapasouse completamente. Hogano, no canto de ser o norte o que axuda ao sur, é o sur o que financia ao norte. Malia as axudas e aos nada desprezables 4,5 billóns de dólares que pagaron entre 1980 e 2001, os PED teñen hoxe a débeda cuadruplicada. Dun xeito ou doutro os cartos empréstados devólvense inmediatamente vía explotación de recursos, dereitos de importación, etc. Entre 1983 e 2001 pagaron 368.000 millóns de dólares máis do que recibiron en créditos. Bastarían 80.000 millóns anuais durante dez anos para garantir as necesidades básicas da humanidade.

Para entender esta situación hai que remontarse á época do colonialismo. As potencias europeas espremeron aos países do sur establecendo abusivos sistemas de explotación das materias primas para elaborar produtos no norte. A cambio só chegaron o suficiente para garantir a boa vida dos colonos e as vías de exportación. A descolonización chegou en forma de liberación territorial, pero non política nin económica. O intercambio desigual continuou e os países pobres comezaron a aceptar créditos. Aí comezou o proceso, que se agravou a partir de 1960, cando o BM estimulou a petición de máis préstamos a baixo interese, pero variable, e coa Guerra fría, na que as superpotencias favoreceron réximes corruptos e ditatoriais por todo o orbe. Coa suba do petróleo de 1973 e a dos intereses de 1979 a débeda fíxose inasumible, e en 1982 México anunciaba a suspensión dos pagamentos. Para facer fronte a esta crise o FMI maquinou as políticas de axustamento estrutural que, co pretexto de eliminar a pobreza e instaurar a democracia, non son máis que unha imposición da doutrina neoliberal. Para seren axudados esíxese o fomento da competencia, o control da inflación reducindo o gasto social, a apertura do mercado ás transnacionais, a desvalorización das moedas locais, a privatización dos servizos públicos. O BM, o FMI e o Club de París –que negocia bilateralmente cos países pobres posibles reducións da débeda– mudaron nunha mafia global de prestamistas esixindo o pagamento dunha débeda que para os altermundistas é ilexítima, na medida en que foi contraída case sempre por gobernos impostos e non valora séculos de explotación colonial. Quen debe a quen?

OMC. Nace en 1995 para substituír ao GATT e administrar os acordos da Rolda de Uruguai pero con extensións. Non só se encarga de regulamentar os bens industriais, tamén os servizos –o que se traduce en privatizacións en todos os eidos

salvo o militar, policial e xudicial–, a agricultura e a propiedade intelectual, incluíndo as patentes sobre principios activos de menciñas, sobre os OMX (Organismos Modificados Xeneticamente) e sobre os seres vivos. Con sede en Xenebra, está composta por 149 países e a norma é *un país, un voto*, aínda que polo xeral nunca se vota. As decisións tómaas a Tríade por *consenso*, dado que a meirande parte de países non poden manter un embaixador permanente en Xenebra nin seguir as complexas roldas de negociacións.

Se os terribles xemelgos afectan aos cidadáns de xeito indirecto, esta organización impón políticas de choque frontal contra os seus dereitos. A máxima é que o mercado predomina sobre o dereito nacional. Os seus múltiples acordos son case mandamentos divinos que lle permiten meter chanca nas leis e asuntos internos dos países. Así, prodúcense situacións como a chegada ao sur de produtos do norte –moitas veces subsidiados– por debaixo do custe de produción, coa conseguinte ruína das economías locais. Os acordos máis polémicos son o ADPIC (Aspectos dos Dereitos de Propiedade Relacionados co Comercio), que ampliou a protección mundial das patentes ata 20 anos e o AXCS (Acordo Xeral sobre Comercio de Servizos), unha brutal ameaza sobre os servizos públicos de moitos países e unha pedra no camiño para os que os necesitan crear. Mediante o AXCS a OMC considera *no mercado* dende o ensino ata a saúde, pasando polo ambiente e o ocio (deporte, cultura...).

OCDE e G-8. Como di Xavier Vence o neoliberalismo non ataca realmente aos Estados, os utiliza. A quen ataca é ao Estado do Benestar, de aí que organismos como a OCDE e o G-8, constituídos por gobernos, teñan tamén o seu papel destrutor.

Son clubs de países ricos. A OCDE ten 30 membros e se creou orixinalmente para administrar o Plan Marshall en Europa. A súa actual misión é a de perfeccionar as políticas económicas e sociais dos países promovendo dende a flexibilidade laboral á biotecnoloxía. O G-8 fórmano EUA, Canadá, Francia, Alemaña, Italia, Xapón, Reino Unido e Rusia. Representa a dúas terzas partes da riqueza mundial e as súas xuntanzas son toda unha exhibición de poder, autoridade e dominación mundial. Vixían polo cumprimento estrito do CW, deciden as enganosas políticas de condonación da débeda e os seus ministros de economía e finanzas argallan esas iniciativas en favor do desenvolvemento que sempre orixinan o efecto contrario nos países pobres.

Transnacionais e galaxias financeiras. Segundo a ONU no mundo hai unhas 65.000 empresas transnacionais cunhas 850.000 filiais, con vendas de preto da metade do produto mundial. A cuarta parte destas vendas están no poder das dez meirandes. Todas realizan cando menos un terzo das súas actividades en países onde a man de obra é máis barata e a presión fiscal máis feble, conque nos seus países de orixe son das empresas que mellor pagan pero que menos xente empregan. A febre das fusións, polas que aumentan a concentración e reducen a competencia –o que provoca redución de postos de traballo–, é un dos seus grandes negocios, que ameaza con exterminar millóns de pequenas economías locais. A súa presión sobre os Estados é tan grande, esixen tal cantidade de desregulamentos e vantaxes fiscais, que

remataron por impor a súa lei: o mercado goberna, o goberno xestiona. Entre outras acusacións fábase de explotación infantil, financiamento de guerras civís, ditaduras e tráfico de armas, violacións de dereitos sindicais, ensaios clínicos non éticos e destrución ambiental á mantenta.

As galaxias financeiras son as responsables da antedita economía virtual. Tanto ten que tipo de empresa se posúa, o importante é o seu valor accionarial e os fluxos de capitais que xera, que moitas veces rematan en paraísos fiscais. A produtividade do capitalismo tradicional nada importa e polo tanto a xente tampouco, pois basicamente son aberracións creadas para gañar cartos con cartos.

Estes actores privados organizan grupos de presión sobre os Estados e institucións como a ERT (Mesa Redonda Europea de Industriais), o Foro Europeo de Servizos ou a DETA (Diálogo Empresarial Transatlántico), que inflúen sobre as decisións políticas, tanto no eido comercial coma no infraestrutural, militar, biotecnolóxico ou lexislativo en xeral.

2. O altermundismo: a resposta dende abaixo

O que hoxe chamamos altermundismo correspóndese realmente co que en principio foi o movemento antiglobalización, mais hogano este termo é rexeitado. Primeiro porque o prefixo alter- semella máis acaído por facer referencia á procura dun mundo alternativo ao do ultracapitalismo; e despois porque ninguén no movemento se considera anti-nada, malia que os grandes medios do poder insistan en chamalos así, probablemente pola negatividade que emana o prefixo. En realidade os altermundistas son máis globalizadores cós seus adversarios, pero a súa globalización fai referencia á educación para todos, ao respecto ás culturas do mundo, á sanidade universal, á sustentibilidade do ambiente, etc. En definitiva, á xustiza social.

2.1. Globalizar a resistencia: a xestación do movemento

O movemento de movementos ten probablemente as súas raiceiras nas reivindicacións sociais da década de 1960, que se centraban en cuestións concretas como o ecoloxismo, o feminismo ou o pacifismo e que xa tiñan dalgún xeito carácter anticapitalista. Mais, como se demostrou anos despois das revoltas de maio do 68, estas protestas remataron sempre mergulladas no sistema, fundamentalmente en partidos de esquerda.

Coa explosión do neoliberalismo comezan a xurdir movementos máis globais, cuos obxectivos atacan directamente á base do sistema, ao concepto economista de todo o humano. Algunhas destas loitas artéllanse en ONG, mais neste caso non se trata dun movemento en si, principalmente debido á heteroxeneidade dos

seus obxectivos, a miúdo illados uns dos outros, e pola súa dependencia dos gobernos e empresas que moitas veces as financian, con excepcións tipo Greenpeace ou Amnistía Internacional.

Aínda que non hai coincidencia plena, a xestación do movemento ten moito que ver co levantamento zapatista de Chiapas en 1994, que se produce por mor da entrada en vigor do NAFTA (Tratado de Libre Comercio de América do Norte). Significou un troco enorme no xeito de concibir a política e espertou a solidariedade de todo o planeta. Mais a data clave foi o chamamento dende as montañas do sueste mexicano en 1996, cando se organiza o Primeiro Encontro Intercontinental pola Humanidade contra o Neoliberalismo. Máis de 3.000 activistas de corenta países dos cinco continentes acudiron á chamada de: “Isto non é necesario para conquistar o mundo. Isto é suficiente para facer un novo”. Dalgún xeito, e collendo as palabras do subcomandante Marcos na Segunda Declaración da Realidade, un mundo feito de moitos mundos fundouse naqueles días nas montañas mexicanas. Nacía unha rede intercontinental de resistencia para a humanidade que empregaba un discurso nunca antes escoitado, con visión global dos problemas, que valoraba a diversidade e a multiculturalidade e que, curiosamente, non pretendía tomar o poder, non tiña cúpula, nin dirixentes, nin xerarquías. Pretendía resistir, buscar outro mundo baixo dous preceptos básicos: 1) Pensa globalmente, actúa localmente e 2) Globalicemos a resistencia.

Logo do éxito da iniciativa zapatista artéllase unha proposta para organizar unha Acción Global dos Pobos –ou Movemento de Resistencia Global (MRG)– baseada en valores como a solidariedade, a paz, a igualdade, a defensa do ambiente, a participación democrática, o internacionalismo. As primeiras consecuencias deste novo pensamento son as grandes mobilizacións-protesta contra das políticas desenvolvidas polas institucións económicas e monetarias, como as francesas contra o Acordo Multilateral de Inversións (AMI), discutido en secreto pola OCDE para instaurar unha especie de Constitución Mundial do capital, que lles daría ás transnacionais os mesmos dereitos que ás empresas locais. Francia desbotaba o AMI en 1998 por mor da presión popular.

Pero o gran despegar prodúcese en novembro de 1999 en Seattle, onde 50.000 manifestantes chegados de todos os recunchos do planeta conseguen facer fracasar a Rolda do Milenio da OMC cunha mobilización sen precedentes artellada dende Internet. A partir de aquí un xigantesco grupo de persoas, dende sindicalistas a intelectuais, dende labregos a camioneiros, fan converxer as súas protestas presionando en todas e cada unha das xuntanzas dos poderosos: asembleas da ONU, ministeriais da OMC, ou citas do FMI, G-8 e Comisión Europea. Sucédense grandes mobilizacións (Bangkok, Washington, Praga, Florencia...) e o movemento tórnase nun obstáculo real para os autoproclamados amos da orde mundial, que tenden a protexerse con exércitos de policía, establecendo as xa famosas *zonas vermellas* no medio das cidades, poñendo atrancos nas fronteiras ou buscando lugares de reunión inaccesibles aos rebeldes.

Porén, o movemento avanza e en xaneiro de 2001 prodúcese un dos feitos fundamentais desta década de altermundismo: nace o Foro Social Mundial (FSM). Mentres os poderosos se reunían no Foro Económico de Davos, no lado pobre do planeta, nunha cidade simbólica polas súas experiencias en democracia participativa, un milleiro de organizacións de todo o mundo decidían dar un paso máis, encamiñado á presentación de propostas alternativas á globalización neoliberal.

O movemento adquiría entón os seus dous primeiros mecanismos de resistencia, a protesta masiva e o estudo dunha alternativa. E comezaba a amolar de máis. De feito, ese 2001 lembrábase non tanto pola enerxía das protestas dos *antiglobalizadores*, senón pola contundencia da resposta dos que mandan. En xuño, a policía de Gotemburg abre fogo real contra os que se manifestaban fronte os líderes europeos ferindo a varios activistas. En xullo o BM ten que suspender a súa conferencia anual en Barcelona, onde a resposta policial foi máis que abusiva, e uns días despois Austria suspende o Tratado de Schengen –de libre circulación de cidadáns pola UE– para salvar o Foro Económico Mundial en Salzburg.

Tamén chegaban as primeiras vítimas, como Carlo Giuliani, asasinado pola policía no transcurso das protestas contra o G-8 en Xénova (xullo de 2001) ou Lee Kyung Hae, campesiño coreano que se suicidou espetando unha navalla no peito durante a V ministerial da OMC en Cancún (setembro de 2003).

Entre medias, os atentados do 11 de setembro de 2001 frean ao movemento de movementos de súpeto, fundamentalmente polo control das fronteiras e a psicose do terrorismo xerada polo goberno Bush. Pero o MRG lonxe de morrer segue a traballar na elaboración de propostas alternativas nos Foros Sociais e reármase organizando o 15 de febreiro de 2003 a meirande manifestación mundial da historia. Uns 60 millóns de persoas saen ás rúas ese día contra a invasión de Iraq. En poucos anos o movemento de movementos adquire unha impresionante dimensión.

2.2. A horizontalidade do movemento: unha rede de redes

Quen pense que o movemento altermundista é un produto espontáneo trabúcase de cheo. É un universo de asociacións, de clases sociais, de movementos teóricos, de mesas de debate, de campos de acción e mesmo de persoas a título individual cunha estrutura articulada pero descentrada, pois acontece que ese articulamento pouco ten que ver co coñecido até agora. Non está edificado en vertical, de arriba abaixo, senón que é un tecido asociativo horizontal vertebrado a partir da diversidade. Carece de sede, de xeraquías e de líderes con capacidade de decisión, e non existen nin declaracións globais nin un comité central que articula as estratexias, pero son quen de coordinarse dende diferentes puntos do planeta e converxer en accións simultáneas. Estas xorden dunha xigantesca araña que en grande medida emprega a tecnoloxía –Internet– para se comunicar,

que actúa localmente en todos os eidos, pero que tamén é quen de sintonizar obxectivos comúns e principios a nivel global.

O principal concepto que define ao movemento é o de Rede de Redes. Neste eido Internet erixiuse como un novo espazo no que existe unha participación social insólita e que permite mobilizar milleiros de persoas en tempos mínimos. O feito de que a fenda dixital entre norte e sur sexa aínda evidente é un problema en moitos aspectos, pero tamén xerou unha conciencia colectiva dende o norte cara ao sur, de maneira que moitas organizacións traballan dende arriba mirando cara abaixo por vez primeira.

Aí conflúen dende asociación campesiñas a colectivos indíxenas, dende medios de comunicación e información alternativos a foros e institutos de economistas, sociólogos, politólogos e filósofos que dan vida e argumentos ao movemento e que son quen de pasar por riba dos atrancos xerados polos medios de comunicación aliñados co poder. Exemplos desta variedade son o Independent Media Center (www.indymedia.org), rede internacional que conta con portais en moitas linguas que abranguen informacións achegadas por milleiros de activistas; Znet (www.zmag.org), revista electrónica orientada ao cambio social con máis de 250.000 visitantes semanais e reputados colaboradores en todas as disciplinas, que ademais de denunciar presenta propostas de cambio, informa sobre os movementos sociais e ten actividades de formación; Nodo50 (www.nodo50.org), que se autodefine como un territorio virtual para os movementos sociais e a acción política; multitude de medios e axencias alternativas, dende xerais a temáticos, que informan sobre o que non adoita ter espazo, ou que acotío se agacha, nos medios tradicionais: Rebelión (www.rebellion.org), Argenpres (www.argenpres.info), ALAI (América Latina en Movemento, www.alainet.org), Adital (www.adital.org.br), Púlsar (www.agenciapulsar.org), Red Voltaire (www.voltairenet.org); e outras axencias e medios tradicionais –no mercado– pero con liñas editoriais afíns, como o xornal mexicano La Jornada (www.jornada.unam.mx), o francés Le Monde Diplomatique (www.monde-diplomatique.fr) ou Inter Press Service (www.ipsnoticias.net).

Ao lado destas fontes de información e comunicación artéllanse as organizacións de activistas, que van dende os colectivos xuvenís, con gran peso nas mobilizacións, a organizacións políticas como o PT brasileiro e asociacións que abranguen terreos de actuación e estudo específicos. A diversidade é impresionante, pero destacan pola súa actividade e influencia ATTAC, Vía Campesiña, o CADTM (Comité para a Anulación da Débeda do Terceiro Mundo), o Foro Mundial das Alternativas, o Foro Internacional sobre a Globalización, Focus on the Global South, Social Watch e o Instituto Transnacional de Amsterdam. Todas estas organizacións contan con presenza estable en Internet e están dirixidas por unha amalgama importante de persoeiros –coñecidos como os intelectuais do movemento e autodefinidos como militantes– que, se ben non se poden definir coma líderes, pois non representan ao altermundismo, si inflúen coas súas declaracións e publicacións enormemente, e sentan as bases teóricas do movemento e dos camiños que pode seguir. Eles reflecten

tamén a heteroxeneidade do altermundo. No mesmo plano atopamos todo o espectro de clases que vai dende os campesiños aos catedráticos de Universidade, dende activistas anónimos a Premios Nobel: Ignacio Ramonet, Bernard Cassen, Noam Chomsky, Michael Albert, Eduardo Galeano, Adolfo Pérez Esquivel, Susan George, Boaventura de Sousa Santos, Naomi Klein, James Petras, Hazel Henderson, Rafael Alegría, José Bové, Vandana Shiva, Walden Bello, Samir Amin, François Houtart, Éric Toussein, etc.

2.3. Ao redor do Foro Social Mundial

Segundo Chico Whitaker, recentemente galardoado co Right Livelihood Award (Nobel Alternativo), a idea de organizar o FSM tívoo Oded Grajew, brasileiro vinculado á promoción da responsabilidade social empresarial, que viu a necesidade de complementar as grandes manifestacións contra a globalización neoliberal cunha nova etapa propositiva na que se buscaran respostas aos desafíos de construción do *outro mundo*. A idea foi presentada a Bernard Cassen, director de Le Monde Diplomatique, e axiña unha serie de entidades, sete brasileiras –incluído o MST (Movemento dos Traballadores sen Terra)– e ATTAC lle deron forma. Escolleron Porto Alegre como lugar de celebración e tamén as mesmas datas (xaneiro de 2001) nas que se celebraba o Foro Económico de Davos, co que conseguiron unha importante repercusión mediática.

O éxito do primeiro FSM sorprendeu mesmo aos seus organizadores. Esperábanse 3.000 persoas e reuniu a máis de 20.000 –4.700 delegadas de diversas entidades– de 117 países diferentes e 1.900 xornalistas acreditados. Uns meses despois nacia a Carta de Principios do FSM, que serviría de base para a organización dos foros que virían. A dita carta define o Foro como un espazo aberto –non é pois un movemento, senón un lugar de encontro– para intensificar a reflexión, realizar un debate democrático de ideas, establecer o libre intercambio de experiencias e articular accións eficaces por parte dos movementos sociais opostos ao neoliberalismo.

A gran novidade é o seu carácter global como proceso permanente de procura e construción de alternativas; a súa horizontalidade, con actividades autoxestionadas e autoorganizadas; e sobre todo que non pretende ser unha instancia de representación da sociedade civil mundial, de xeito que rachan coas xerarquías. Ninguén está autorizado a manifestar en nome do FSM posicións que foran atribuídas a todos os seus participantes, pois sería imposible representalos a todos. Do mesmo xeito que non ten dirixentes tampouco ten un documento final, aínda que moitas das organizacións que nel participan si emiten comunicados e conclusións das xuntanzas. Isto despista moito aos poderosos, que non están afeitos a enfrontarse a un inimigo sen representación formal.

Dende esa primeira experiencia o FSM non fixo máis que medrar. En 2002 acoden 12.000 delegados e 50.000 persoas, en 2003 uns 20.000 delegados e 100.000

persoas. Por todo o mundo organízanse multitude de foros rexionais e sectoriais –europeo, asiático, mediterráneo, panamazónico, das migracións...– e o FSM anual. Este é sempre en xaneiro. En 2004 saía por primeira vez de Porto Alegre, a Mumbai (India), e en 2006 sería policéntrico, celebrándose en Caracas (Venezuela), Bamako (Malí) e Karachi (Paquistán). O vindeiro será en Nairobi (Quenia) en xaneiro de 2007. Nestes anos o propio foro foi evolucionando dende a denuncia do que acontecía no mundo ao estudo dos mecanismos polos que o neoliberalismo é unha ameaza real e dende a formulación de propostas alternativas ás estratexias necesarias para levalas adiante.

O FSM está organizado por un Consello Internacional que non dirixe, senón que cataliza milleiros de actividades en forma de seminarios, obradoiros e conferencias autoorganizadas e autoxestionadas polas agrupacións participantes –entre as que impera o principio da corresponsabilidade– mediante consultas previas e ao redor dunha serie de eixes temáticos que as agrupan (sustentabilidade medioambiental, papel das transnacionais e organizacións internacionais, desigualdade social, débeda externa, acceso ás riquezas, control dos capitais financeiros, división e precariedade do traballo, problema dos refuxiados, dereitos dos pobos indíxenas, democratización dos medios de comunicación, soberanía alimentaria, migracións, problemas urbanísticos, etc). Ningunha actividade ten máis importancia que outras e as únicas esixencias que se autoimpoñen son a non violencia, o respecto ao medio ambiente e á pluralidade e claro, a loita contra o neoliberalismo como obxectivo.

Malia que o altermundismo é moito máis que o FSM, pois hai organizacións que desconfían quer da súa orientación quer dos membros do Comité Internacional, este serve dalgún xeito como centro catalizador, como aglutinador das experiencias alternativas que van xurdindo no seo dos militantes e, xa que logo, é un fabuloso termómetro do estado do movemento e tamén da súa antítese, o ultracapitalismo. O FSM non é simplemente un evento, nin unha conferencia académica, nin unha internacional de partidos –os partidos políticos e organizacións militares non poden participar–, nin un movemento social. Nin sequera ten unha ideoloxía definida. É simplemente unha loita contra a globalización neoliberal que dá voz aos de abaixo, unha asemblea das xentes do planeta, ou, como o definiu Ramonet, se cadra é, ou pode chegar a ser, o parlamento dos cidadáns da Terra.

2.4. Camiños cara o outro mundo posible

Que outro mundo queremos? Como chegamos a ese outro mundo? Os grandes interrogantes do altermundismo, e tamén do FSM, non son doados de responder. Dentro do movemento hai posicionamentos reformistas, que ven na reorientación do sistema actual a solución, e outros máis radicais que buscan derrocalo, construír outro mundo comezando case de cero. O movemento, xa o dixemos, é sobre todo

heteroxéneo e novo, polo que ninguén sabe cara onde irá, ou se rematará esluído ou disgregado en correntes irreconciliables.

Non existe pois unha especie de programa altermundista e hai quen pensa que non o debe haber nunca, mais o que semella claro é que existen unha serie de obxectivos compartidos por case que todos os seus compoñentes, uns puntos en común nos que hai case un acordo global.

Existe unha conciencia pacifista que esixe a redución dos gastos militares, a prohibición das armas de destrución masiva, un verdadeiro Tribunal Penal Internacional ou a reforma do Consello de Seguridade da ONU. No eido económico hai coincidencia na prioridade do social sobre o capital. É necesario un control do poder ilimitado das transnacionais, a volta a mans públicas de moitos servizos privatizados, a condonación –ou anulación– da débeda externa dos PED, a reforma radical –ou supresión– das grandes organizacións políticas e económicas internacionais (FMI, OMC, BM...), o establecemento da Taxa Tobin –imposto sobre as transaccións financeiras para empregar estes cartos na supresión das desigualdades–, a instauración dunha Renda Básica que cobrarían todos os habitantes do planeta polo simple feito de existir, a eliminación dos paraísos fiscais e o control dos movementos de capitais, o rexeitamento a moitos Tratados de Libre Comercio como o ALCA, etc. No eido ambiental e da ecoloxía social hai un laído xeral por respectar o Tratado de Quioto, por limitar a expansión dos OMX, por evitar as patentes sobre os seres vivos e os medicamentos básicos, por asegurar a soberanía alimentaria dos pobos (os alimentos non son mercadoría), polo acceso á terra para quen a traballa e á auga potable ou polo respecto á integridade dos ecosistemas e a biodiversidade, pola sustentabilidade. No eido cultural hai demandas para asegurar aos habitantes da Terra o dereito á información –coa creación dun Observatorio Internacional da Comunicación– ou para resgardar as culturas dos pobos e nacións agoniadas pola chamada industria cultural. E existen outros campos e actuación case consensuados entre o altermundismo que camiñan cara a procura dunha democracia máis participativa, no canto da representativa, ou mesmo cara o establecemento dunha cidadanía global.

3. Atrancos e futuro do movemento de movementos

A sucesión lóxica do altermundismo ten catro etapas ben diferenciadas que se deben desenvolver simultaneamente para responder aos retos da resistencia global. A primeira foi e segue a ser a protesta como mecanismo de presión; a segunda a análise, o estudo do que está a pasar no mundo, do que nos están a facer e como; a terceira ten que ver coa formulación de propostas, coa definición dunha alternativa para crear o outro mundo posible; e a cuarta sería a etapa da acción, a procura de fórmulas e mecanismos para dar conta dos obxectivos. Mentres as dúas primeiras están superadas e en marcha, na terceira aparecen os primeiros atrancos. A preten-

sión é, non cabe dúbida, a de derrotar ao neoliberalismo, pero para isto deben converxer multitude de obxectivos concretos que o altermundismo, como movemento global, aínda non foi quen de definir por mor da súa xigantesca heteroxeneidade. Non é certo que non existan alternativas, hainas e por centenas, a cuestión radica máis en cales destas son comúns ao conxunto do altermundismo. Se falamos da cuarta etapa as cousas están aínda máis verdes, xaora que a definición previa da terceira é fundamental. Aínda así o futuro de iniciativas como o FSM poden chegar a dar a resposta.

O grande atranco do movemento de movementos non é pois o de definir os obxectivos, malia que até nisto existan diverxencias. A expresión *xustiza global* defíneos todos á xunta. O problema estriba nos mecanismos de acción para levalos adiante e na estrutura ideal dese outro mundo posible, en como pode ser a sociedade despois do capitalismo. Aí é onde o altermundismo amosa as súas feblezas, se é que as ten, pero tamén as súas virtudes, pois son temas que se debaten abertamente e que polo momento non provocaron a ruptura, malia que a primeira vista existan posicionamentos máis que irreconciliables.

Hai que ter en conta que se trata dun movemento moi novo, cunha década de vida. Vaia, que a acusación dos globalófilos de que non existe unha alternativa real e de que o altermundismo non a ten, se cadra é certa. Porén, aínda non estamos na etapa na que se lle poida esixir á galaxia altermundista unha solución, un ideal, pois se está a loitar contra un sistema, o neoliberal, cimentado en máis de 60 anos de historia.

Con todo, é indubidable que se trata dun movemento de ideais moi poderoso, probablemente histórico, que busca de verdade acercarse á utopía, o que se demostra simplemente pola reacción dos poderosos, que están a despreparar toda a súa maquinaria de propaganda para derrubalo antes de que medre de máis. Botemos a mirada atrás e vexamos aquelas primeiras estigmatizacións dos *antiglobalización* relacionadas coa suposta violencia das súas accións, que afortunadamente xa son pasado e que demostraron a capacidade de reacción do movemento para desprenderse desa análise tan cínica e interesada das súas intencións. A idea de vender o altermundismo coma unha manda de violentos antisistema sen ideas e sen futuro resultou baldeira, pois ninguén pode negar hoxe a súa eficacia en moitos aspectos, materializada por exemplo nos fracasos da Rolda de Doha da OMC, no desprendemento por parte dalgúns países da súa dependencia do FMI (Arxentina, Rusia, Brasil), nas manifestacións mundiais contra a invasión de Iraq, no intuible fracaso do ALCA ou na chegada ao poder en Latinoamérica de gobernos claramente antiimperialistas. Hoxe o mundo sabe que o principal problema planetario non é o terrorismo, senón a pobreza e a desigualdade, e isto ten moito que ver co pular do altermundismo.

Pero as grandes dúbidas sobre o movemento seguen aí. Búscase un modelo de sociedade alternativo, ben difícil de definir, ou unha nova organización política da sociedade? Hai que reformar o que xa existe ou construír de novo? Cal é a relación, se é que debe existir, que hai que ter cos partidos políticos? Na contorna das

aspiracións do altermundo existen metas que semellan ben claras e mesmo alternativas concretas como a Taxa Tobin, a condonación da débeda ou a Renda Básica, nas que parece haber consenso, e moitos pensan que habería que comezar por aí, evitando as loitas internas e organizándose máis eficazmente para chegar a obter resultados palpables.

O debate sobre o futuro do FSM como referente global dos movementos sociais é un bo exemplo das inquiredanzas dos estudosos do altermundismo. Malia que ten outros problemas, como o seu financiamento ou a súa limitada expansión mundial, que evidentemente leva moita vantaxe en Latinoamérica, a forma que debe tomar no futuro está sobre a mesa. Hai correntes que desexan que todo siga como está, que o Foro permaneza coma un espazo de debate, reflexión e formulación de propostas e que non evolucione cara un órgano de decisión. Dalgún xeito xerarquizar o Foro sería construír un sistema que xa existe, outorgarlle unha gobernabilidade contra a que teoricamente se está a loitar e rachar co horizontalismo e a participación. Outros, pola contra, opinan que este debe evolucionar dende un foro evento a un foro proceso, porque corre o perigo de rematar sendo unha especie de feira do altermundismo que non produza efectos visibles.

A este respecto os primeiros soen acusar aos segundos de querer monopolizar o FSM. Tamén no altermundismo hai receos, desconfianzas e mesmo envexas. Dende hai un par de anos un grupo de movementos moi importantes emitiron unha serie de comunicados que, coa premisa de que non representan a ninguén, senón só aos seus asinantes, non sentaron ben nunha parte importante dos, digamos, puristas do Foro. Os máis importantes son o *Consenso de Porto Alegre*, asinado en 2005 por 18 persoas e que contén 12 propostas básicas para empezar, dende a anulación da débeda, á Taxa Tobin, a promoción do comercio xusto ou a prohibición das patentes sobre os seres vivos. Nada novo, pero si se trata dun intento de centrarse en algo para arrancar e comezar a obter resultados. O *Chamamento de Bamako*, asinado en 2006, vai polo mesmo camiño, pero é moito máis denso e contén numerosas propostas moi concretas polas que se debe loitar. Entre os que opinan que o FSM corre o perigo de se converter nunha feira folclórica de ideas están por exemplo Ignacio Ramonet, François Polet, Samir Amin ou François Houtart, a meirande parte impulsores do primeiro FSM e figuras pensantes do altermundo, que ademais teñen unha excelente relación cos gobernos de Hugo Chávez e Evo Morales, nos que dalgún xeito ven reflectidas varias das demandas do altermundismo. E ese o camiño?

Neste punto chegamos ao gran dilema do movemento no seu conxunto, e non só do FSM: a relación coa política. Anti-neoliberalismo ou anti-capitalismo? Reforma ou revolución? Esas son as dúas tendencias principais, pero polo medio existen propostas de todo tipo, dende as que falan dunha nova Internacional a outras máis realistas, como as de Susan George. Postula que debe haber unha relación coa política, xa que o movemento ten o deber de influír nas decisións dos partidos dende a independencia, por iso nunca debe mudar nun partido político, e presionar para que os organismos internacionais sexan reformados. Se foran derrubados completa-

mente, polo menos nun primeiro momento, remataríamos mergullados nun caos. Debe haber unha etapa de transición, de relación co sistema actual pero dirixida cara ese outro mundo posible que aínda non está definido.

Os problemas e as *loitas internas* do altermundismo están aí, pero semella existir unha coincidencia, ou un desexo, na necesidade de evitar centrarse demasiado neles esgotando enerxías que son necesarias para desmontar a globalización neoliberal. O camiño non fixo máis que comezar, o altermundismo é a penas un cativo de 10 anos, pero cunha potencialidade fóra de toda dúbida e cunha influencia cada día maior. Saben que queda moito por definir, por crear, pero aválalles o feito de ser o primeiro movemento na historia que intenta democratizar o espazo internacional para dar unha existencia digna a todos os habitantes do mundo e a todas as formas de vida do planeta. O dito, constitúen o movemento de movementos e cren firmemente que *outro mundo é posible*.

Manoel Santos é biólogo, escritor e produtor editorial, director de altermundo.org e colaborador do *Igadi*.

Bibliografía

- CADEMARTORI, José (2003): *Globalización neoliberal y su antítesis*, Conferencia Globalización, Identidad y Justicia Social, Valparaíso, SIT.
- CHOMSKY, Noam (2005): *El nuevo orden mundial (y el viejo)*, Barcelona, Crítica.
- CHOSSUDOVSKY, Michel (2002): *Globalización de la pobreza y nuevo orden internacional*, México, Siglo XXI Editores.
- ESTULIN, Daniel (2005): *La verdadera historia del Club Bilderberg*, Barcelona, Bronce.
- FERNÁN VELLO, Miguel Anxo e PILLADO MAYOR, Francisco (2004): *A estrela na palabra. Novas conversas con Xosé Manuel Beiras*, A Coruña, Espiral Maior e Liovento, A Coruña, pp59-79 e 277-312.
- FERNÁNDEZ BUEY, Francisco (2005): *Guía para una globalización alternativa*, Barcelona, Ed. B, Barcelona.
- GEORGE, Susan (2004): *Otro mundo es posible si...*, Barcelona, Icaria.
- GEORGE, Susan (2002): *Pongamos a la OMC en su sitio*, Barcelona, Icaria.
- Informe Mundial sobre o desenvolvemento Humano 2005, Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), Nova York, 2005.
- MILLET, Damien e TOUSSAINT, Éric (2004): *50 preguntas e 50 respuestas sobre la deuda, el FMI y el Banco Mundial*, Barcelona, Icaria.
- RAMONET, Ignacio, CHAO, Ramón e WOZNIAK, Jacek (2004): *Abécédaire partiel, et partiel, de la mondialisation*, París, Éditions Plon.
- SÁNCHEZ GARRIDO, Tania L. (2005): *México y el altermundismo: avances y retrocesos*, El Cotidiano, nº 129, pp7-15.
- SERRANO, Pascual (2006): *Una nueva forma de informarse, los medios alternativos*, Rebellion.org.
- SOUSA SANTOS, Boaventura de (2005): *Foro Social Mundial. Manual de uso*, Barcelona, Icaria.
- TAIBO, Carlos (2002): *Retos de la resistencia global*, Centro de Colaboraciones Solidarias.
- TAIBO, Carlos (2006): *Rapiña global*, Punto de Lectura, Madrid, p172.
- VEGA CANTOR, Renán (2006): *Imperialismo ecológico. El interminable saqueo de la naturaleza y de los parias del sur del mundo*, Herramienta, nº 13.
- VENCE, Xavier (2005): *O fracaso neoliberal na Galiza*, Vigo, A Nosa Terra.
- WERNER, Klaus e HANS, Weiss (2004): *El libro negro de las marcas*, Barcelona, Debate.
- WHITAKER, Chico (2006): *El desafío del Foro Social Mundial*, Barcelona, Icaria.
- ZIEGLER, Jean (2000): *Los nuevos amos del mundo*, Barcelona, Destino.

Información en Internet

ATTAC, <http://www.attac.org/>.

CADTM (Comité para a Anulación da Débeda do Terceiro Mundo),
<http://www.cadtm.org/>.

Control Cidadá, <http://www.socialwatch.org/>.

EZLN (Exército Zapatista de Liberación Nacional), <http://www.ezln.org/>.

FIG (Foro Internacional sobre a globalización), <http://www.ifg.org/>.

FSM (Foro Social Mundial), <http://www.forumsocialmundial.org.br/>.

Rebelión, <http://www.rebellion.org/>.

Vía Campesina, <http://viacampesina.org/>.

Znet, <http://www.zmag.org/>.